



<u>Acta número:</u> 13	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 22.11.2021	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal		<u>Hora:</u> 11:03

Asistentes

<u>Presencial:</u> <u>Presidente:</u> Miguel Anxo Fernández Lores
<u>Concelleiros/as:</u> Anabel Gulías Torreiro Eva María Villaverde Pego Demetrio Gómez Xunqueira Xosé Cesareo Mosquera Lorenzo María Carmen da Silva Méndez María do Carme Fouces Díaz Luis Alberto Oubiña Piay María do Pilar Comesaña Hermida Xaquín Moreda González Rafael Domínguez Artime María José Pardo Pumar Pablo Fernández López Ana Isabel Vázquez Reboredo Gerardo Ramón Pérez Puga Martín Martínez Silva Silvia Junco Martínez Guillermo Juncal Peñas Juan Manuel Muñoz Cerrada Agustín Fernández González Gregorio Revenga Portela
<u>Videoconferencia:</u> Raimundo González Carballo (Logo de conectarse no momento da iniciación do Pleno auséntase por problemas técnicos e unha vez resoltos os problemas de conexión reincorpórase no momento da votación do asunto urgente) María Gloria Blanco Rial (Logo de conectarse no momento da iniciación do Pleno auséntase por problemas técnicos e unha vez resoltos os problemas de conexión reincorpórase no momento da votación do asunto urgente) Iván Puentes Rivera (Logo de conectarse no momento da iniciación do Pleno auséntase por problemas técnicos e unha vez resoltos os problemas de conexión reincorpórase no momento da votación do asunto urgente) Marcos Rey Pazos
<u>Secretaria accidental:</u> María de los Desamparados San Martín Zamácola
<u>Interventora:</u> Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión e, tras conceder un lapso de tempo preciso para a entrada e acomodo dos cidadáns asistentes a sesión, concede a palabra a dona Andrea



Campos López quen procede á lectura dunha declaración institucional con motivo do 25 novembro, día internacional da eliminación da violencia contra a muller, que resulta do teor literal seguinte:

“Un ano máis aproveitamos a conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, para poñer o foco dos medios e da sociedade sobre as múltiples violencias machistas que nos rodean e asoballan.

Neste 2021 queremos aproveitar a ocasión para alzar a voz contra a violencia vicaria, aquela que se exerce sobre a muller co fin de lle causar dano a través de terceiras ou interpósitas persoas. Comprende o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia (física, psicolóxica, económica) exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa intención de lle causar o máximo dano e padecemento.

Todos os días vemos como maltratadores que non se preocupaban nin interesaban polas súas crianzas, no momento do divorcio solicitan a custodia compartida, un amplo réxime de visitas ou incluso a custodia total, só por continuar en contacto coa muller e continuar o maltrato a través dos fillos e fillas. Isto é a violencia vicaria.

En 2018, en Pontevedra dixemos "un maltratador nunca é un bo pai" e agora a lei danos a razón e estipula textualmente que "Non procederá o establecemento dun réxime de visita ou estancia, e se existirá suspenderase, respecto do proxenitor que estea incurso nun proceso penal iniciado por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou os seus fillos. Tampouco procederá cando a autoridade xudicial advirta, das alegacións das partes e as probas practicadas, a existencia de indicios fundados de violencia doméstica ou de xénero. Non obstante, a autoridade xudicial poderá establecer un réxime de visita, comunicación ou estancia en resolución motivada no interese superior do menor ou na vontade, desexos e preferencias do maior con discapacidade necesitado de apoios e previa avaliación da situación da relación paternofilial". Queda pois velar para que a excepción non se converta no habitual e seguir berrando que o interese das crianzas é estar afastadas dos maltratadores.

Queremos nesta liña dar un paso máis, denunciar ata onde chegan as consecuencias para as e os menores que viven estas situacións de violencia.

Segundo datos da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, na nosa provincia un total de 484 vítimas de violencia de xénero teñen menores de idade ao seu cargo ou, o que é o mesmo, en case medio milleiro de fogares pontevedreses as crianzas viven nunha contorna de violencia, que pode ser física, sexual ou emocional e, sempre, psicolóxica. E temos que denunciar que isto é só a punta do iceberg da violencia. 484 son só as vítimas que están no Sistema VioGén e teñen polo tanto unha orde de protección en vigor. Pero sabemos que o 80% da violencia de xénero non se denuncia e que só se conceden o 43% das ordes de protección que se solicitan no Partido Xudicial de Pontevedra. A cantidade de mulleres e crianzas que padecen violencia e permanecen invisibles nas estatísticas é insoportable. E temos pendente de cuantificar as agresións que sofren as e os menores no ámbito familiar, agresións que van desde a violencia sexual á desatención, pasando polo abuso emocional e o físico. O traballo que nos queda por diante é inxente.

Fáltannos os datos sobre a violencia a menores, pero o que si sabemos é que o maltrato infantil é o factor de risco máis importante para presentar trastornos psicopatolóxicos na idade adulta ata o punto que segundo diversos estudos o maltrato infantil estivo presente no 33% dos casos de trastornos de ansiedade, no 54% das depresións, no 64% das adic-



cións e no 87% dos intentos de suicidio.

Como dixemos, é a nosa obriga seguir berrando, reclamando e esixindo que o interese superior das crianzas é estar afastadas das situacións de violencia e dos violentos. Temos as ferramentas, só temos que empregalas. Polo presente desas nenas e nenos e polo futuro que queremos construír.

E aínda que a violencia vicaria sexa o eixo central da campaña deste 2021 en Pontevedra, non esquecemos o resto das violencias machistas que padecemos:

DENUNCIAMOS a violencia institucional que sofren cando revitimizamos tanto a mulleres como a crianzas, cando non temos en conta a súa palabra e as deixamos desprotexidas ante os seus maltratadores. Cando miramos cara outro lado e deixamos que todo siga igual e que elas sigan a soportar a violencia. Non se trata só de escoitar, tratase de pór en funcionamento os recursos que xa están dispoñibles neste momento e que moitas veces non adoptamos pola inercia de tantos anos. Non pode ser que a resolución da violencia recaia sempre exclusivamente nas vítimas e que o estado e as institucións laven as mans.

DENUNCIAMOS a violencia sexual, que foi o tipo delitivo que máis aumentou este ano, un 32%, sabendo que como sempre, os casos denunciados son unha pequena parte dos que hai. Vemos como aumentan ano a ano as agresións en cita, agresións que non se denuncian en case ningún caso e nas que xoga un papel fundamental o estereotipo que fai que as mulleres se sintan culpables da violencia dos homes: por que subín a súa casa?, por que tomei aquela copa? por que deixei que me acompañara? Preguntas que debuxan un escenario nada alentador para as mulleres que senten que non son donas do espazo nin público nin privado. A desigualdade aparece como unha montaña imposible de escalar cando realmente o único que queremos é vivir en paz e sen medo. Que as rúas tamén sexan nosas, de día e de noite. Que poidamos volver a casa soas e tranquilas, que poidamos quedar cun home sen vernos obrigadas a cumprir os seus desexos esquecendo os nosos. Que tomar unha copa nun local non sexa perigoso, que estar bébeda non sexa unha escusa.

DENUNCIAMOS a mercantilización do corpo das mulleres, temos a necesidade de debater sobre a definición patriarcal de muller como corpos de acceso libre para o pracer sexual e a reprodución, en palabras da filósofa Ana de Miguel. Definición que se perpetúa actualmente baixo a idea do consentimento e do mito da libre elección que o neoliberalismo sexual emprega para converter a vida e o corpo das mulleres en mercancía. Porque os nosos corpos non son obxectos e, polo tanto, nin teñen prezo nin existen para compracer a ninguén.

DENUNCIAMOS que por cada paso adiante na loita contra as violencias machistas en calquera das súas formas, o sistema patriarcal contraataca con novas estratexias que esconden os vellos argumentos de sempre. Cando pensabamos que certos discursos estaban superados para apostar por unha axeitada protección das mulleres, dos seus dereitos e liberdades, a lexitimación que algún sectores fan de argumentos negacionistas da violencia de xénero fan que as vítimas se sintan aínda máis vulnerables, cuestionadas e desprotexidas e que os maltratadores se vexan reforzados no seu ideario e as súas accións.

Queremos rematar esta declaración facendo unha homenaxe ás mulleres, mulleres que pese a esta realidade ateigada de tantas e tantas violencias, coas que todas podemos identificarnos, foron capaces de facerlle fronte, de seguir adiante e loitar por unha vida libre de violencia. E non atopamos mellor mensaxe para enviarlles que a das palabras de Lucía, unha das usuarias do CIM que participou no obradoiro de autoestima e empoderamento "Namórate de ti":

"Recordei o importante que é quererse unha mesma, para poder querer aos demais dunha maneira saudábel; aprendín a vencer os medos e os pudores, a deixar de pensar nas críticas e a querer ser aceptada sempre.

Aprendín a importancia de sentirse acompañada doutras mulleres, escoitar, empatizar... para non sentirte soa.

Aprendín que para pedir respecto primeiro temos que querernos e respectarnos a nós mesmas. Tiven que superar o meu propio rexeitamento.

Aí empecei a gañar a batalla e a liberarme, a ser eu mesma."

ORDE DO DÍA

A) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 18.10.2021 (CSV: VXLUK0XBD4AJTB2B).

Dáse conta do borrador da acta que figura no asunto, que é aprobado por unanimidade (22) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

ASUNTO URXENTE.- VALIDACIÓN DO GASTO PARA O ABOAMENTO DE DIVERSAS FACTURAS. 2021/FACTGRTRAM/000285; 2021/FACTGRTRAM/000226 E 2020/FAC-TGRTRAM/000334.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (22), declárase a urxencia do presente asunto.

Incidencias.- Sendo as 11:38 horas o Sr. Alcalde-Presidente suspende a sesión debido a problemas técnicos coa conexión de tres concelleiros (1 do BNG e 2 do PSOE) por videoconferencia.

Incidencias.- Sendo as 11:47 horas reanúdase a sesión. Tras resolver os problemas de conexión, os tres concelleiros ausentes reincorpóranse con anterioridade a votación do asunto urxente.

Sen intervencións, sométense a votación as propostas incluídas nos expedientes referidos, sendo o resultado da mesma:

En contra: 10 (9 PP; e 1 non adscrito)

A favor: 15 (11 BNG; e 4 PSOE)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, presta a súa aprobación ás propostas incluídas nos expedientes de validación do gasto para o aboamento de facturas que figuran no asunto e, en consecuencia, acorda:

A) EXPEDIENTE 2021/FACTGRTRAM/000226 POR IMPORTE DE 12.947 €.

Resolver a omisión da función Interventora e acordar a continuación do expediente e en consecuencia aprobar as facturas, polos conceptos e importes e a nome do terceiro que se relaciona:

COD EXPTE	TERCEIRO	SERIE/ NUMERO	DATA FAC-TURA PRESEN-TACIÓN	DESCRIPCIÓN	APLICACION/ OPE-RACIÓN/ COD SI-CAP	UNIDADE TRAMITADORA	TOTAL FACTURA
2021/FACTU-RAPAPPEL	F15983067 / CULTU-RATIVA SOCIEDAD	CULT--3772020	22/09/2020 /	Facturas presentadas pola asistencia a preparacion	2021-09-3342-22706S	GE0017699 / INFRAESTRUCTU-	847,00 €



000020	COOPERTATIVA GALEGA			da documentación subvencion nubebes	202100021620/ 128861	RAS CULTURAIS	
2021/FACTURA/RAPAPPEL/000021	B70231956 / FILMIKA GALAIKA SL	2020-41	26/10/2020 /	FACTURA presentadfa por filmika galaica polo patrocinio da película longa noite	2021-09-3301-22602 / 202100068585/ 128863	GE0017699 / INFRAESTRUCTURAS CULTURAIS	12.100,00 €

Total: 12.947 €

B) EXPEDIENTE 2021/FACTGRTRAM/000285 POR IMPORTE DE 3.600 €.

Primeiro: Declarar expresamente que continúe o procedemento para a aprobación e autorización das cotas do Concello de Pontevedra como socio da “Red de Ciudades por la bicicleta” obxecto deste expediente, validando o correspondente gasto.

Segundo: Aprobar as cotas do Concello de Pontevedra como socio da “Red de Ciudades por la bicicleta” (CIF G75019828) dos anos 2018, 2019 e 2020 por importe total de 3.600,00€, así como recoñecer e liquidar as obrigas de gasto que se indican e ordenar o seu pagamento con cargo á aplicación orzamentaria e operacións contables que se sinalan a continuación:

COD EXPTE	TERCEIRO	SERIE/ NUMERO	DATA FACTURA PRESENTACIÓN	DESCRIPCIÓN	APLICACION/ OPERACIÓN/ COD SICAP	UNIDADE TRAMITADORA	TOTAL FACTURA
2021/FACTURA/004404	G75019828 / RED DE CIUDADES POR LA BICICLETA	2019 72	01/06/2021 / 01/06/2021	COTA DO ANO 2019 RELATIVA Á AFILIACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á REDE DE CIDA-DESXBICICLETA	2021-01-9220-46600 / 202100060250/ 132577	GE0002993 / GABINETE DA AL-CALDÍA	1.200,00 €
2021/FACTURA/004405	G75019828 / RED DE CIUDADES POR LA BICICLETA	2020 78	01/06/2021 / 01/06/2021	COTA DO ANO 2020 RELATIVA Á AFILIACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á REDE DE CIDA-DESXBICICLETA	2021-01-9220-46600 / 202100060251/ 132578	GE0002993 / GABINETE DA AL-CALDÍA	1.200,00 €
2021/FACTURA/004419	G75019828 / RED DE CIUDADES POR LA BICICLETA	2018 88	01/06/2021 / 01/06/2021	COTA DO ANO 2018 RELATIVA Á AFILIACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á REDE DE CIDA-DESXBICICLETA	2021-01-9220-46600 / 202100060252/ 132592	GE0002993 / GABINETE DA AL-CALDÍA	1.200,00 €

Total: 3.600 €

C) EXPEDIENTE 2020/FACTGRTRAM/000334 POR IMPORTE DE 79,99€.

Resolver a Omisión da función Interventora e acordar a continuación do expediente e en consecuencia aprobar a factura, polos conceptos e importes e a nome do terceiro que se relaciona:

COD EXPTE	TERCEIRO	SERIE/ NUMERO	DATA FACTURA PRESENTACIÓN	DESCRIPCIÓN	APLICACION/ OPERACIÓN/ COD SICAP	UNIDADE TRAMITADORA	TOTAL FACTURA
2020/FACTURA/RAPAPPEL/000036	35281586T / FRANCISCO LEÓN GÓMEZ	02/170111	29/03/2017 / 27/01/2020	MINUTA 02/170111 COPIA ESCRITURA, CONDE FIDALGO (ESCRITURAS ANTIGUO CONSERVATORIO)	2021-03-9200-22604 / 202100069284/ 118398	GE0003004 / PATRIMONIO	79,99 €

Total: 79,99 €

2.- RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, APROBACIÓN DE ESTATUTOS E DA COTA DE SOCIO DA “RED DE CIUDADES POR LA BICICLETA”. 2021/XENALC/000004.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable emitido pola comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, en data 26.10.2021, sobre a proposta da Xefa do Gabinete da Alcaldía (CSV I346QYCQVDN9ZN8C), de data 15.10.2021, relativa ao asunto referido no epígrafe.



[\(A continuación prodúcese o debate\).](#)

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Abstención: 10 concelleiros (9 PP; e 1 non adscrito)
- A favor: 15 concelleiros (11 BNG; e 4 PSOE)

O Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, aproba á devandita proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro: Ratificar a adhesión do Concello de Pontevedra á “Rede de Cidades pola Bicicleta”, aprobando os seus Estatutos, que se xuntan ao expediente (documento CSV GHUTU4PJIVBGVFP).

Segundo: Designar ao Sr. Alcalde Miguel Anxo Fernández Lores, como representante do Concello de Pontevedra ante a Rede de Cidades pola Bicicleta (CIF G75019828), ou concelleiro/a en quen delegue, en virtude do artigo 124.4-a da 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Terceiro: Autorizar a cota de socio periódica que lle corresponde ao Concello de Pontevedra como membro de pleno dereito da Rede de Cidades pola Bicicleta, e que, segundo o acordado na Asamblea Anual da RCxB celebrada o 04/10/2012, ascende á contía de 1.200 € anuais.

3.- DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO DENOMINADO “PONTE DO COUTO”. 2017/XENPA-TR/000035

De orde da Presidencia o Secretario dá conta do ditame favorable emitido pola comisión de Economía e Facenda, en data 17.11.2021, sobre a proposta da Xefa do Servizo de Patrimonio (CSV AAEER6OMS2MA70KK), de data 29.10.2021, relativa ao asunto referido no epígrafe.

[\(Intervención da concelleira delegada da área de Patrimonio Municipal\).](#)

Rematada a intervención da concelleira, realízase votación ordinaria sendo o seu resultado:

- Abstención: 10 concelleiros (9 PP; e 1 non adscrito)
- A favor: 15 concelleiros (11 BNG; e 4 PSOE)

O Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación e devandita proposta e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Acordar a desafectación do uso público do camiño denominado Ponte do Couto, sito entre a avenida de Vigo e a avenida Josefina Arruti Viaño (Pontevedra), xa que que queda suficientemente acreditado no expediente que o mesmo non está afecto na actualidade ao uso público, posto que como consecuencia da apertura da Avenida Josefina Arruti atópase pechado, non sendo utilizado polos veciños xa que o vial ocupa as fincas ás que antes servía, coa seguinte descrición:

Lonxitude do camiño: 37,28 metros.

Ancho medio do camiño: 1,5 metros.





Superficie do camiño: 55,92 m².

Lindeiros:

Norte: Inmable referencia catastral 9867410NG2996N.

Sur: Inmable referencia catastral 9866701NG2996N.

Leste: Avenida Josefina Arruti.

Oeste: Avenida de Vigo.

Inscripción rexistral: non se atopa inscrito no Rexistro da Propiedade

Datos catastrais: figura como ben de dominio público, pero sen referencia.

Segundo.- Acordar a modificación no Inventario de bens Mobles da cualificación xurídica do terreo de Ponte do Couto debendo figurar como ben patrimonial ou de propios.

4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REALIZACIÓN DUN CONCURSO PÚBLICO PARA ELIXIR O CARTEL DE ENTROIDO DA CIDADE. 2021/INIPLENO/000022.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable, por maioría, da comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 28.10.2021, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do seguinte teor literal:

“O Entroido pontevedrés, como todos sabemos, é unha das festas de maior tradición na nosa cidade. O seu recoñecemento vai máis aló do noso concello, sendo unha data máis que sinalada dentro do calendario de celebracións da nosa comunidade. O noso carnaval pode considerarse como o máis importante de Galicia, e de grande parte do noso país.

A festividade atrae a multitude de persoas que se interesan pola nosa celebración, especialmente o sábado (día do desfile de comparsas e disfraces), e o venres, cando se celebra o Enterro do Ravachol, ao que choran as numerosas persoas. A celebración termina coa incineración de Ravachol na praza dá Ferrería. Todo iso acompañado da grande tradición gastronómica relacionada con estas festas.

O arraigo do carnaval en Pontevedra é tal que non se entendería a nosa cidade sen él, unha celebración que pon en valor á nosa querida vila. Dentro dos valores do noso carnaval está a liberdade de expresión e a sátira e crítica do que acontece no noso concello. E todo iso represéntase a través dun cartel que conxunta todos eses valores nunha imaxe, unha imaxe que ademais serve para prestixiar ao seu autor.

Sendo Pontevedra unha cidade punteira a nivel artístico e cunha facultade de Belas Artes entendemos que un concurso público é a mellor opción para que, por unha banda, se reforce a imaxe do carnaval e, por outro, se potenciase a numerosos autores que poidan participar. Para poder alcanzar a un maior número de autores, entendemos ademais que non exista reiteración nos ganadores, para así poder dar máis oportunidades a un maior número de persoas.

Proposta de acordo:

1. A realización dun concurso aberto ao público para o cartel do Entroido.”

([A continuación prodúcese o debate](#))

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:



- Votos en contra: 15 (11 BNG e 4 PSOE)
- Votos a favor: 10 (9 PP e 1 non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición anteriormente transcrita.

5.- PROPOSICIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO DE ADAPTACIÓN DA REDE SEMAFÓRICA DE PONTEVEDRA PARA TODOS OS CIDADÁNS QUE TEÑAN OU NON CAPACIDADES OU DISCAPACIDADES. 2021/INIPLENO/000023.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame, favorable, da comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 16.11.2021, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

A proposición presentada polo concelleiro non adscrito é do seguinte teor literal:

“Esta proposta quere dar un paso máis en avanzar no modelo de cidade amable, pero ademais que sexa verdadeiramente inclusiva, onde todos os cidadáns estean integrados e dar facilidades a aqueles que máis o necesitan.

Detectamos que ás veces quedámonos coa palabra, e que o vivir de costas á cidadanía non fai ver cousas tan obvias como as dificultades que dous colectivos de cidadáns teñen na nosa cidade. Por unha banda, as persoas invidentes ou con baixa visión que teñen verdadeiros problemas cos semáforos da nosa cidade, outro colectivo o de persoas con TEA onde a ausencia de pictogramas adecuadas á súa situación impídelles ter uns desprazamentos o máis autónomos posibles.

Sexamos unha cidade amable, pero amable para todos, outras cidades xa o fixeron, Lugo, Murcia, Huelva e moitas outras. En Lugo os paneis incorporan as imaxes cedidas, de xeito altruísta, pola ARASAAC (Centro Aragonés da Comunicación Aumentativa e Alternativa). Moitas outras cidades, Getafe, San Sebastián, Marbella, entre outras, implementaron a nova tecnoloxía que fai que o cego non teña problemas ao moverse pola cidade e que a cidade non teña unha contaminación acústica polo son que emiten os semáforos, tecnoloxía desenvolvida por empresas españolas.

Proposta de acordo:

- 1.- Poñer en marcha un plan de actualización da rede semaforica da cidade, adaptando a mesma con sistemas acústicas compatibles para persoas cegas ou con baixa visión
- 2.- Instalar na rede semaforica e sinais da cidade, pictogramas para as persoas con TEA, facilitando así mobilidade gañando independencia na súa vida diaria.”

[\(A continuación prodúcese o debate\).](#)

Rematado o debate realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (25), aproba a proposición anteriormente transcrita.

6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DINAMIZAR O GASTROESPACIO DO MERCADO DE PONTEVEDRA. 2021/INIPLENO/000024.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame desfavorable emitido pola comisión de Economía e Facenda, en data 17.11.2021, sobre a proposición que figura no asunto.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do seguinte teor literal:



“Os mercados municipais atópanse profundamente arraigados na cultura comercial dos barrios e cidades sendo foco de dinamización económica aínda que nos últimos tempos os mercados tiveron que reinventarse para ir adaptándose ás demandas da sociedade, e é que estamos ante unha realidade cambiante á que o mercado de Pontevedra non pode permanecer alleo.

O gastroespazo O MERCADO naceu no verán do 2019 como un proxecto dinamizador do mercado de abastos de Pontevedra e enmarcado na tendencia de modernizar os mercados municipais buscando novos usos, tratando de reconvertelos en auténticos espazos gastronómicos. Pero é evidente que esa idea que se materializou con bastante éxito foi languidecendo ante a mala xestión e deixamento do Concello de Pontevedra, pasando case inadvertido tanto para pontevedreses como para turistas; así dos 13 postos que iniciaron a súa andadura fai escasos dous anos tan só quedan 9 operativos, polo que é urxente e necesario revitalizar o gastroespazo non só a través de melloras materiais e promocionais senón tamén a través da revisión da súa xestión. Este Concello debe facer atractiva a ocupación deses postos baleiros que anunciaron que sairán a concurso o próximo xaneiro do 2022.

O mercado require dunha xestión máis eficaz, máis áxil, máis flexible e máis moderna adaptada ás necesidades e tendencias actuais e iso pasa pola necesidade de dotar dunha maior autonomía aos concesionarios dos postos.

Queremos un mercado que mire ao futuro, que sexa un auténtico polo de atracción turística de Pontevedra, un xerador de novos fluxos comerciais, un elemento de encontro para amantes da gastronomía, un referente comercial, económico e social, e para iso non basta con licitar os postos vacantes, para iso é necesario acometer un verdadeiro Plan Integral de Revitalización do mercado e neste punto do gastroespacio.

Por todo ello elevamos ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

Que polo Concello de Pontevedra se adopten en relación ao mercado as seguintes medidas:

1º.- Acometer toda unha serie de reformas no mercado que entre outras cuestións minimicen o frío e as correntes de vento e a calor no verán, así como os cheiros e acceso de pombas, paxaros e outros insectos, polo que entre outras medidas ao efecto propoñemos o estudo polos técnicos do Concello da viabilidade de:

- mellora e/ou implantación dun sistema de renovación do aire e climatización do aire que elimine ou minimize cheiros e mellore a habitabilidade do espazo mediante o control da temperatura.

- a implantación de portas corredeiras no acceso principal e laterais do mercado

2º - O acceso principal ao mercado carece de rampa para que poidan acceder persoas con mobilidade reducida ou carriños de bebe debendo facelo pola portas laterais pero non existindo sinalización algunha que nos indique isto, polo que debe proceder a sinalizarse na zona de acceso principal que a entrada accesible atópase nos laterais do mercado.

3º.- Instalación dunha adecuada sinalización do espazo gastronómico e dos locais que o configuran, sinalización tanto interior como exterior non só do edificio senón tamén nas rúas de Pontevedra (aproveitar a súa sinalización nas zonas polas que pasa o Camiño de Santiago).

4º.- Dotar de illamento acústico ao mercado.

5º.- Garantir o adecuado servizo de Wifi gratis en todo o mercado.

6º.- Revisar a web do mercado, non aparecen todos os postos nin temos a carta do que ofrecen, promocionar o espazo a través da web do mercado abastos de Pontevedra.

7º.- Implantar música en directo as fins de semana.

8º.- Implantar e plasmar por escrito un Plan de Limpeza do Mercado.

9º.- Elaborar en connivencia cos concesionarios do gastroespazo e do mercado un Regulamento de Réxime Interior do mercado tendente a unificar criterios onde se recollerán os horarios de atención ao público e de desenvolvemento das actividades para que a prestación dos servizos sexa posible, así como entre outras cousas, as condicións xerais de limpeza e prevención.

10º.- Elaborar un Plan Estratégico para Revitalizar o Gastroespazo do mercado onde entre outras cuestións se contemple:

- Liñas de axudas dirixidas a incentivar a ocupación dos postos baleiros a través de bonificacións fiscais, por exemplo, que unha porcentaxe da tarifa sexa asumida polo Concello de Pontevedra e é que é un feito obxectivo e contrastable que abrir un local no mercado non é atractivo.

- Axudas á formación en dixitalización dos comerciantes e facilitar a formación dos titulares de concesións do mercado tanto en dixitalización como en marketing.

- Financiamento para levar a cabo melloras e reformas nos locais, incentivando estas mediante o establecemento dunha serie de liñas de axudas, así como garantir investimentos tendentes a reformar e mellorar o mercado para continuar o seu proceso de modernización e garantir a súa plena accesibilidade (só existen baños na planta superior, posibilidade de baños adaptados a persoas ostomizadas)

- Fomentar a participación do espazo gastronómico O MERCADO nos eventos de lecer, turísticos e culturais da cidade

- Campañas de Promoción do gastroespazo tendentes a visibilizar este espazo e reactivalo, a promocionar os locais baleiros para facer efecto chamada a posibles concesionarios: concertos, talleres, exposicións, música en directo as fins de semana... Campañas que deberán ser coordinadas entre Concello e concesionarias do espazo gastronómico. Regulando a posibilidade de que as concesionarias poidan promover campañas de promoción, previa comunicación ao Concello cunha antelación suficiente duns 15 días, requirindo autorización, e establecer liñas de subvención das mesmas. Nas devanditas campañas deberá aparecer sempre a identidade do Concello de Pontevedra.

- Mercado 100% accesible , con cuartos de baño adaptados, sinalización para persoas con problemas de visión...

10- Todas aquelas medidas que poidan contribuir á dinamización e reactivación do gastroespazo.”

[\(A continuación prodúcese o debate\)](#)

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 15 (11 BNG e 4 PSOE)

- Votos a favor: 10 (9 PP e 1 non adscrito)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición anteriormente transcrita.

7.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA SUBSCRIBIR O CRITERIO DO CONSELLO CONSULTIVO PARA ADSCRIBIR ENCE AO PORTO. 2021/INIPLENO/000025.



A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión por urxencia.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do seguinte teor literal:

“A situación que cerne aos traballadores de Ence, con vinculación máis que directa con esta cidade, é unha preocupación para Pontevedra, para o seu tecido empresarial e para a maior parte dos veciños desta vila. O impacto dun futuro peche desta compañía sería letal para numerosos sectores da nosa cidade. A nosa responsabilidade é colaborar na solución que garanta a continuidade dos postos de traballo en Pontevedra, sen matices. Debemos seguir traballando para que a vida de tantas familias estea aquí.

Algunhas das administracións involucradas, como é o caso deste Concello, teñen como obxectivo pechar Ence e deixar aos traballadores na rúa. De feito, desde o Goberno local xa se está falando da derriba das instalacións, cando o tema aínda se está resolvendo nos xulgados. Si o Concello non cambia de actitude, o único que conseguirá é que a empresa peche a súa fábrica de Lourizán e leve todos os investimentos previstos a outros centros produtivos, como xa pasou en Navia (Asturias).

É o momento de pensar nos traballadores e as súas familias, a industria forestal galega, o sector loxístico e o futuro do porto de Marín. É dicir, é o momento de rectificar e defender o mantemento do emprego e a actividade industrial.

A alternativa máis viable e realista que temos agora sobre a mesa é manter a fábrica na súa ubicación actual. A empresa foi rotunda neste sentido e o goberno vai gañando tempo coa elaboración de estudos que non levan a ningunha parte.

O ditame do Consello Asesor deixa ao goberno de Lores sen escusas. Poden continuar dicindo que a cesión das terras de Ence ao porto de Marín non é posible sen sequera avaliar o informe elaborado por este órgano asesor independente.

Proposta de acordo:

Instar ao Concello de Pontevedra a que apoie que se aplique o criterio do Consello Consultivo que ve viable adscribir Ence ao porto de Marín-Pontevedra.”

[\(A continuación prodúcese o debate\)](#)

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 15 (11 BNG e 4 PSOE)
- Abstención: 1 (non adscrito)
- Votos a favor: 9 (9 PP)

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición anteriormente transcrita.

C) MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

8.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS. 2021/RESMENSUAL/0000014.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo, correspondentes ao mes de outubro, incluídos no



expediente 2021/RESMENSUAL/000014.

9.- DACIÓN DE CONTA DOS LISTADOS AOS QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021. 2021/DACIONCTAINT/000012.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos listados referidos no epígrafe.

10.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS DO CONCELLO REFERIDO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021. 2021/DACIONCTAINT/000013.

O Pleno do Concello toma coñecemento do informe referido no asunto.

11.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN SUBMINISTRADA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN VIRTUDE DA ORDE HAP/2105/2012 CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021: ESTIMACIÓN DE PECHE A 31 DE DECEMBRO 2021. 2021/DACIONCTAINT/000014.

O Pleno do Concello toma coñecemento do informe referido no epígrafe.

12. PREGUNTAS.

PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, GUILLERMO JUNCAL PEÑAS AO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE, AGUSTÍN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, SOBRE A EXISTENCIA DUN ESTUDO EN RELACIÓN ÁS OBRAS E O CAMBIO DE CESPED E DO CAMPO DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO II.

(...)

PREGUNTA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, GREGORIO REVENGA PORTELA, Á CONCELLEIRA DA ÁREA DE PROTECCIÓN CIDADÁ E SOSTEMENTO DOS ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS, EVA MARÍA VILLAVERDE PEGO, SOBRE O NOVO SISTEMA DE MULTAMÓBIL.

(...)

13. ROGOS.

Non se formulan rogos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 13:11 horas, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Dilixencia.- O presente documento reproduce o contido dos acordos adoptados na sesión ordinaria do pleno do concello de data 22.11.2021 (documento con código seguro de verificación CSV: 889W0SML4I3460PY).

Inclúe, en cada punto da orde do día, un enlace ao vídeo das intervencións producidas.



O Secretario,

